



PONTEVEDRA 4 PICOS ROAD CLÁSICA EVARISTO PORTELA

REGLAMENTO PARTICULAR DE LA PRUEBA REGULAMENTO PARTICULAR DA PROBA

PREÁMBULO

A empresa deportiva GLOBALDXT en colaboración co Concello de Pontevedra e o Clube Deportivo Supermercados Froiz organizan o día 16 de xuño de 2019 a terceira edición da PONTEVEDRA 4 PICOS ROAD “CLASICA EVARISTO PORTELA”, que conta coas debidas autorizacións da Federación Galega de Ciclismo e a Real Federación Española de Ciclismo.

O obxectivo é que todos os aficionados á bicicleta de estraa poidan desfrutar dunha ruta NON COMPETITIVA e superen o reto de rematala.

Asemade, esta proba require rendin homenaxe a D. Evaristo Porteda, que tanto ten dado ao ciclismo, deportiva coma na súa función de director técnico.

ARTÍCULO 1

A proba celebrárase o día 16 de xuño de 2019 con saída na Avenida Montero Rios en Pontevedra e chegada na mesma ubicación, en formato de proba ciclodeportiva de velocidade libre, segundo o art. 9 do REGULAMENTO DE CICLISMO PARA TODOS (C.P.T.) da Real Federación Española de Ciclismo (actualización a 11.01.14) coas seguintes características:

Esta proba consta de tres percorridos:

OPCIÓN 1 – PERCORRIDO LONGO: 4 PICOS

Onde os deportistas deberán percorrer unha distancia aproximada de 121 kms ascendiendo aos 4 picos polos que descorre o percorrido e cun desnivel acumulado positivo de 2617 metros.

OPCIÓN 2 - PERCORRIDO MEDIO: 3 PICOS

Onde os deportistas deberán percorrer unha distancia aproximada de 95 kms, ascendiendo aos tres dos catro picos e cun desnivel acumulado positivo de 2102 metros.

OPCIÓN 3 – PERCORRIDO CURTO: 2 PICOS.

Onde os deportistas deberán percorrer unha distancia aproximada de 75 kms, ascendiendo a dous dos 4 picos e cun desnivel acumulado positivo de 1297 metros.

A saída de todas as rutas será ás 9:00 horas da zoa indicada anteriormente.

ARTÍCULO 2 – PARTICIPACIÓN

A marcha estará aberta a todos os interesados en participar con licenza federativa do ano en curso ou sen ela. Poderán participar na marcha calquera persoa que teña un mínimo de 16 anos cumpridos no día da proba. Para participar, é obrigatorio estar en posesión de licenza federativa de ciclismo en vigor ou subscribir una licenza dun día que inclúe o seguro proporcionado pola Federación Galega de Ciclismo. Estes seguros son os únicos seguros válidos aceptados pola organización da proba.

Para participar é OBRIGATORIO ter realizada a inscrición pertinente. Cada bicicleta deberá dispor de placa identificativa e do chip de control de tempo.

Pola súa parte, o participante, á hora de realizar a inscrición, acepta este regulamento, manifestando que atopase físicamente apto para afrontar o percorrido da proba e asegura que non ten ningún impedimento físico nin psíquico que lle impida realizar o percorrido.

A Federación Galega de Ciclismo facilitará a licenza por un día aos non federados, cun coste de 10 euros, a maiores da cuota de inscrición. Dita licenza outorgará o dereito durante un día da proba a contar co seguro de accidentes e seguro de RC nos termos que a Federación Galega de Ciclismo contempla.

ARTÍCULO 3 – MAIOT CONMEMORATIVO COMA ELEMENTO DE SEGURIDAD

Coa inscrición da proba, todos os participantes recibirán un maiot conmemorativo do evento. Este maiot deberá **levarse DE FORMA OBRIGATORIA** no día do evento co fin de que sexa fácilmente localizable a calquera participante da proba dito día e que os medios de seguridade poidan efectuar as acción pertinentes.

ARTÍCULO 4 – SEGURIDADE

A organización ríxese polas normas de tráfico vixente, polo que é obrigatorio o uso do casco protector en todo o percorrido. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediata.

Todos os participantes consideranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación en estrada e considerándose persoalmente responsables de todas as infraccións que poidan cometer.

Advirtese aos participantes que o feito de circular cun vehículo de apertura non supón a paralización do tráfico, senón que tratase dunha sinalización. É obrigatorio levar o dorsal nun lugar visible, tanto na saída coma nos avituallamentos, onde farase un rigoroso control de dorsais.

Deberase colocar asemade, o CHIP segundo as instrucións que daranse pola organización para o control dos tempos.

A marcha circulará neutralizada a unha velocidade de 22 kms por hora durante 33 kms, ata a chegada do primeiro avituallamento. Dende este punto, a marcha quedará aberta, cun control da organización, pero tendo en conta os deportistas que deberán seguir todas as normas de circulación, sendo eles os únicos responsables ante algún contratempo neste apartado.

A garda civil de tráfico establecerá unha CAPSULA DE SEGURIDADE. Aqueles participantes que sexan superados polo vehículo de fin de proba, deben saber que pasan a estar con TRÁFICO ABERTO, aínda que seguirán tendo persoal de control nos cruces e os servizos da proba (avituallamento, zoa de chegada,...)

O final do tramo libre será no alto da ESCUSA, onde acabará o tramo cronometrado. Neste punto, agruparanse aos deportistas en tramos de 15 minutos (sempre que a climatoloxía o permita), para baixar escoltados por unha moto de seguridade ata a entrada na meta na cidade de Pontevedra

A organización ten establecidos varios puntos de avituallamento NON OBRIGATORIOS que estarán nos seguintes puntos quilométricos:

AVITUALLAMIENTO 1: avituallamiento sólido/líquido ubicado no pk 34.5 en O Marco.

AVITUALLAMIENTO 2: avituallamiento líquido no alto do segundo pico km 59 para os participantes que fagan 2 picos.

AVITUALLAMIENTO 3: avituallamiento sólido/líquido ubicado na localidade de MORAÑA no PK 69.

AVITUALLAMIENTO 4: avituallamiento que estará no inicio da subida do cuarto pico. Pk 97

AVITUALLAMIENTO 5: avituallamiento sólido- líquido ubicado no alto da escusa, no PK 110.

AVITUALLAMIENTO 6: avituallamiento sólido líquido FINAL DE RUTA, ubicado na alameda de Pontevedra.

Se establece dous puntos de corte

- a) Punto 1: no km 59 no alto do segundo pico ás 12:10 horas. Aqueles participantes que desexen continuar a marcha estarán fora da cúpula de seguridade e se lles retirará o dorsal de participante.
- b) Punto 2: final do 3º pico ao seu paso por Pontevedra. A hora de corte é ás 14:00 horas. PK 96. Deste punto os participantes deben dirixirse á meta.

IMPORTANTE: Nos puntos de corte, se rebasase a hora indicada, deberá retirarse o dorsal, segundo as indicacións da nova lexislación de tráfico.

Tódos os participantes deberán respectar as normas de circulación e en especial, todos os participantes que queden máis retrasados e circulen de xeito individual e en grupos pequenos.

Todos os participantes rebasados polo vehículo de peche, deberán saber que están fora do ámbito de seguridade da proba e que se considerarán ciclistas individuais transitando pola súa conta pola via, perdendo toda condición de participante na marcha.

O equipo médico da organización, terá a potestade para retirar a calquera participante da marcha cando se considere que a súa saúde esté en perigo. Por razón de seguridade, operatividade e organización o número de participantes **limitarase a 1.200**

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poidera ser causa ou vítima o participante, como tampouco se fai solidaria dos gastos nin das débedas que poideran contraer os participantes durante a marcha.

De xeito estricto, realizarase a penalización daqueles participantes que:

- Non respecten o código de circulación
- Non respecten as consignas de seguridade indicadas polas forzas da orde e pola organización
- Ensucien ou degraden o itinerario, arroxando desperdicios.
- Dispoñan de vehículos de apoio propio, entorpecendo a marcha do resto.
- Comportamentos que impidan o normal desenrolo da proba e que vaian contra o presente regulamento.

La penalización será:

- Inclusión nas listaxes dos participantes sancionados para a súa posterior publicación.

- Prohibición de participar noutras edicións da proba
- As sancións impostas polas autoridades, ás que pola súa actitude poidese facerse merecedor.

ARTÍCULO 5 – CONDICIÓN FÍSICA

Todo participante na marcha comprométese a estar a un nivel físico axeitado, que lle permita cumprir coas medidas establecidas pola organización.

ARTÍCULO 6 – INSCRICIÓN/DEVOLUCIONS

Non se considerarán formalizadas as inscricións ata que non se realice o pagamento das mesmas.

A inscrición realizarase por adiantado a través da páxina web:

WWW.PONTEVEDRA4PICOS.COM e no apartado de inscricións. Os participantes deberán cubrir todos os datos persoais da ficha de inscrición e aceptar o actual regulamento.

Aqueles participantes da segunda edición terán reservada unha semana para poder inscribirse e polo tanto reservar a súa praza.

Os prazos de inscrición e tarifario (para aqueles que estén federados) son os seguintes:

- **Do 4 ao 10 de febrero de 2019** : 36 euros (inscrición que inclúe maillot)
- **Do 11 de febrero ao 15 de marzo**: 40 euros (inscrición que inclúe maillot)
- **Do 16 de marzo ao 12 de mayo**: 45 euros (inscrición que inclúe maillot)
- **Do 13 de maio ao 31 de maio**: 50 euros

** Aqueles participantes que non posean a licenza federativa, deberán aboar **10 euros da licenza de día**, que establece a Federación Galega de Ciclismo.*

OS PERIODOS PARA PODER ANULAR A INSCRICION POR CUALQUERA CAUSA SON:

- **100% de la cantidad de inscripción:** Ata o 14 de marzo

- **50% da cantidade de inscrición:** Ata ol 30 de abril
- **25% da cantidade de inscrición:** Ata ol 20 de maio
- **0% da cantidade de inscrición:** a partires do 21 de maio

Coa inscrición terase dereito aos seguintes **servizos:**

- Dorsal e CHIP.
- MAILLOT conmemorativo da marca OTTO **valorado en 35 euros**
- Recordo da marcha FINISHER.
- Avituallamentos sólidos e líquidos.
- Asistencia mecánica, man de obra, **no inclue pezas.**
- Personal de seguridade.
- Perfil da ruta.
- Asistencia médica (Médicos, Ambulancias).
- Duchas, aseos e vestiarios.
- Bolsa do corredor.

ARTÍCULO 7 – ACREDITACIÓN E RETIRADA DE DORSALIS

Para a retirada da toda a documentación da proba, establecerase a oficina permanente nas instalación do Concello de Pontevedra na Praza de España

Día sábado 15 de xuño, de 17:30 a 20:30, todos os participantes poderán pasar a recoller a documentación da proba así coma os dorsais e CHIP de control.

Día domingo 16 de xuño, horario de 7:00 a 8:30, todos os participantes deberán pasar a recoller a documentación da proba así coma os dorsais e CHIP de control.

Todo participante deberá levar, de forma obrigatoria o CHIP ademáis do dorsal en lugar visible **na parte dianteira** da bicicleta. Aquel ciclista que non leve

colocado de xeito visible o dorsal será excluído do percorrido por membros da organización ou polas forzas da orde.

O dorsal é un artigo persoal e intransferible. A persoa inscrita soamente poderá participar co dorsal que lle foi asignado e acepta non permitir o uso do mesmo a outras persoas.

Para a retirada do dorsal deberá presentarse o dni en vigor. Poderá recollerse o dorsal dalgún compañeiro presentando o DNI do mesmo. Lembramos que é OBRIGATORIO participar co maiot conmemorativo do evento.

ARTÍCULO 8 – OBSEQUIOS

Ao rematar a marcha, ás 14:00 horas, se entrfarase entrega dos seguintes regalos:

- a) 1 Trofeo ao participante máis novo masculino.
- b) 1 Trofeo á participante máis nova feminino.
- c) 1 Trofeo ao participante de maior idade.
- e) 1 Trofeo á participante feminina de maior idade.
- f) 1 Trofeo ao clube con máis participantes.
- i) 1 Trofeo ao rei da montana (aquel que na cronoescalada tteña o mellor tempo)
- j) 1 Trofeo á raiña da montana (aquela que na cronoescalada teña o mellor tempo)

ARTÍCULO 9 – DEREITOS DE IMAXE

O/a participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se suscribe. Coa sinatura de inscrición o/a participante admite que o organizador poida facer uso da imaxe de todos os ciclistas en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e entodas as súas formas (rtadio, prensa, video, foto, dvd, internet, carteis, medios de comunicación, etc) e cede todos os dereitos relativos a súa explotación comer

cial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa parte a percibir compensación económica algunha.

ARTÍCULO 10 - XENERALIDADES

Respectarase a puntualidade dos horarios, debendo estar 30 minutos antes do horario de saída para asinar as follas de control de saída.

O avituallamento será por cargo da organización

A organización contará con mecánico e furgoneta en todo o transcurso da proba. As pezas de recambio serán aboadas polos participantes.

A organización contará con ambulancias, métodos de peche en cruces, vehículos de apertura de proba e coche basoira.

ARTÍCULO 12 - LOXÍSTICA

A organización reservase o dereito de modificar todo o relativo ao itinerario, avituallamentos, horarios de saída, etc, cando por motivos ou circunstancias así o aconsellen.

En cumprimento da lexislación española vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e do RGPD 679/2016 lles informamos que os seus datos están sendo obxectos de tratamento por parte de Global DXT coa finalidade do mantemento e xestión de relación comerciais e administrativas. Non se prevén cesións dos seus datos, salvo que exista unha obriga legal. Para exercer os seus dereitos pode dirixirse a Global DXT con domicilio na Rúa Echegaray 20 – 5º A Pontevedra, ou ben por email a cimadevila@globaldxt.com, co fin de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), limitación do tratamento, portabilidade dos datos, oposición e a non ser obxecto de decisión automatizadas, indicando como Asunto; “Dereitos Lei de Protección de Datos” e adxuntando fotocopia do seu DNI

ARTÍCULO 13

Ao efectuar e validar a inscrición na proba, o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquera procedemento legal contra a organización derivada da súa participación.